



**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 5 DE MARZO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Ratificación, se procede, urxencia da convocatoria.
- 2 Aprobación do proxecto modificado núm. 1 da obra do pavillón polideportivo municipal da Marisma, dentro do proxecto “Marisma máis”.

Na Casa do Concello, sendo catorce horas e quince minutos do día 5 de marzo de maio de dous mil quince, sendo presidente o alcalde Javier Bas Corugeira, asisten á sesión os/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Erminda Quelle Fernández, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Luís Alberto Orge Míguez, Digna Rosa Rivas Gómez, Antonio Cabaleiro Millares, Leonardo Cabaleiro Couñago, Antonio Vázquez Saco, Leticia González Guisande, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoán Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación Ana Begoña Merino Gil, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar o primeiro punto da Orde do Día.

1. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

O Alcalde sinala que a urxencia ven motivada polos prazos perentorios do proxecto Marisma + xa que o prazo para finalizar a obra está a punto de rematar.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que van votar en contra porque se lles avisou cun día de antelación á comisión, o martes ás tres da tarde, e non tiveron tempo de revisar o expediente.

A concelleira PÉREZ ORGE di que van votar a favor da urxencia porque existe un compromiso previo sobre o tema dos asuntos urxentes. Sinala que o informe do arquitecto é do 23 de febreiro e un expediente destas características non abonda un día ou dous para miralo. Sinala que puidose comentar antes cal era a problemática. Dubidan de que sexa procedente a urxencia.

O alcalde sinala que o informe do interventor é do 3 de marzo.

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di que non somentes é urxente senón que chega tarde. Dí que dentro de 10 días remata o prazo para acabar as obras e que houbo un escrito do 15 de xaneiro no que a empresa prantexa unha serie de cuestións coas que parece preparar o incumprimento do prazo. Pensa que o Alcalde tiña que ter comunicado ao resto da corporación a situación. Están a favor da urxencia.



CONCELLO DE REDONDELA

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a urxencia a votación, apróbase por maioría dos/as asistentes, sendo vinte votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e un voto en contra (1 de AER)

2 APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO NÚM. 1 DA OBRA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA MARISMA, DENTRO DO PROXECTO “MARISMA MÁIS

ANTECEDENTES

Visto o ditame da Comisión Informativa de Deportes, de 4 de marzo de 2015 que transcrita di:

“Por resolución desta Alcaldía de data 23 de febreiro de 2015 iniciouse o expediente para a aprobación do modificado núm. 1 da obra do Pavillón polideportivo municipal da marisma, Redondela, dentro do Proxecto Marisma Máis promovido polo Concello de Redondela e aprobado no marco da convocatoria para o período 2011-2013 do Eixo 5 de Desenvolvemento Local e Urbano e cofinanciado polo programa operativo del Fondo Europeo de Desarrollo Regional de la Unión Europea, sen variación do orzamento inicial do proxecto que se modifica.

Constando xunto co proxecto modificado presentado polo director de obra a conformidade da empresa contratista, Dragados, SA, ás modificacións introducidas no proxecto sen variación económica así como á acta de prezos contradictorios.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal respecto do proxecto modificado.

Lido o informe favorable emitido pola secretaria xeral do Concello con data do 24 de febreiro de 2015.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con referencia ASR-03.03.15.1 de data 3 de marzo de 2015.

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación ao proxecto modificado núm. 1 da obra do Pavillón polideportivo municipal da marisma, Redondela, dentro do Proxecto Marisma Máis promovido polo Concello de Redondela e aprobado no marco da convocatoria para o período 2011-2013 do Eixo 5 de Desenvolvemento Local e Urbano e cofinanciado polo programa operativo del Fondo Europeo de Desarrollo Regional de la Unión Europea, no que se definen e describen as obras a realizar coas modificacións introducidas, sen variación do orzamento inicial do proxecto que se modifica.

Segundo.- Aprobar o presente procedemento de modificación do contrato da obra do Pavillón polideportivo municipal da marisma, Redondela.

Terceiro.- Aprobar a realización das obras polo adxudicatario da obra principal de acordo co proxecto modificado.

Cuarto.- Facer extensiva a esta modificación os Pregos da cláusulas administrativas e demais condicións do contrato principal.

Quinto.- Publicar esta resolución no perfil do contratante da páxina web do Concello de Redondela.”

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Deportes, en votación ordinaria e por maioría dos señores asistentes, acorda informar favorablemente a proposta transcrita, cos votos favorables dos Sres. BAS CORUGEIRA, CRESPO LÓPEZ, GONZÁLEZ BARBEIRO e VILABOA FIGUEROA, do grupo municipal do PP, coa abstención dos Sres. CABALEIRO



CONCELLO DE REDONDELA

MILLARES, GARCÍA MÍGUEZ e GONZÁLEZ GUISANDE, do grupo municipal do PsdeG-PSOE; coa abstención da Sra. PÉREZ ORGE, do grupo municipal do BNG e coa abstención do Sr. BLANCO PÉREZ, do grupo municipal AER.”

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que as alegacións do director de obra entraron no Concello o 5 de febreiro e puidéronse facilitar para ir traballando. Aínda que os técnicos digan que é correcto considera preciso poder ter marxe para estudar polo miúdo o expediente. Parécelle que esta obra veu sempre apresurada aínda que se alegue que faltaban os permisos. Van votar en contra non polo fondo senón pola forma.

A concelleira PÉREZ ORGE di que isto podía terse feito doutra maneira por parte do goberno, sobre todo nun expediente destas características. Nembargantes, e por responsabilidade, van votar a favor aínda que a cabeza lles poida pedir votar en contra, tendo en conta que non supón un incremento da partida orzamentaria e supoñen tamén que mellorará a construción do propio pavillón de acordo cos informes técnicos.

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di que quere salientar as posibles consecuencias de que non se aprobe o modificado nesta sesión, o que considera responsabilidade do alcalde, xa que pensa que, caso contrario, non hai plan B. Anuncia que se van abster. Considera que existe un problema de prazos e o alcalde toma decisións que afectan a eses prazos. Pregunta se vai a haber algunha prórroga e intranquilízalle que por parte de Dragados se estea aboando o camiño para un posible incumprimento dos prazos, polas circunstancias que eles mesmos expoñen e que nalgúns casos son erros do proxecto. Di que dende o principio non consideraron que o arquitecto elixido fora a persoa adecuada. Refírese a algúns aspectos concretos do proxecto en canto a materiais que non están no mercado..etc. Sinala que se non se pode imputar a Dragados as consecuencias do atraso, o problema vai ser moi grave.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que o informe do arquitecto municipal refírese ás cuestións técnicas e eles confían no mesmo. Indica que todo proxecto ten erros ou imprevistos que hai que solventar na execución facendo axustes, e algúns deses problemas resolveráanse na medición final. Dille ao voceiro de AER que somentes pola formas votar en contra significa que non queren mollarse e consideran que están a prexudicar os intereses de Redondela.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que non lles deu tempo a valorar o fondo. Gústalles estar ben informados. Admiten que en todas as obras teña que haber axustes e piden que se lles avise cando se detecten. Sinala que ao final costará máis .

A concelleira PÉREZ ORGE di que o representante do PP non respostou ás preguntas do voceiro socialista.

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di que quere saber se se vai acabar a obra o 15 de marzo e, se non é así, se o responsable é Dragados. Cualifica de impresentable a actitude do equipo de goberno. Insiste en que non estaba de acordo co arquitecto director das obras e que querría saber se Dragados ten razón no que alega. Insiste en que estamos a 10 días do remate do prazo.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que Dragados e o director de obra son unha parte e eles somentes se fían dos técnicos da casa. Indica que en principio non hai prórroga e que, en principio, teñen planificado cumprir cos prazos. Se non se cumpren haberá que ver de quen é a responsabilidade. Pensa que o proxecto que lle gustaba ao PSOE era máis cativo.

O alcalde sinala que a adxudicación do proxecto foi aberta, xa que se presentaron varios candidatos, e o que se está a facer é o que chegaba cos cartos cos que se contaba para o pavillón. Indica que caso de non cumprirse prazos haberá que establecer de quen é a responsabilidade.



CONCELLO DE REDONDELA

VOTACIÓN E ACORO

O concello pleno en votación extraordinaria por maioría dos seus membros presentes, sendo doce votos a favor (10 do PP e 2 do BNG), un voto en contra (AER) e oito abstencións (8 do PSdeG-PSOE) aproba o proxecto modificado número 1 da obra do pavillón polideportivo na Marisma, incluído no proxecto Marisma Máis.”

E, non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a presente sesión, sendo as 14 horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se redacta a presente acta, da que, como secretaria, dou fe.-